

**Resolución do 26 de maio de 2014, do tribunal designado para cualificar o proceso selectivo extraordinario de consolidación para o ingreso no corpo superior da Xunta de Galicia (subgrupo A1), escala superior de estatísticos/as, pola que se lle dá publicidade a diversos acordos referentes ao segundo exercicio do proceso selectivo.**

En sesión que tivo lugar o día 26 de maio de 2014, o Tribunal designado pola Orde do 4 de febreiro de 2014 (DOG núm. 33, do 18 de febreiro), para cualificar o proceso selectivo extraordinario de consolidación para o ingreso no corpo superior da Xunta de Galicia (subgrupo A1), escala superior de estatísticos/as, de conformidade co disposto nas bases da convocatoria,

ACORDOU:

Primeiro.- Que de conformidade co disposto na base II.1.1.2 da convocatoria, superaron o segundo exercicio os aspirantes que obtiveron unha puntuación mínima de cincuenta (50) puntos.

Segundo.- Realizar os trámites oportunos para a publicación das puntuacións obtidas polos aspirantes presentados ao segundo exercicio do proceso selectivo extraordinario de consolidación para o ingreso no corpo superior da Administración da Xunta de Galicia (subgrupo A1), escala superior de estatísticos, na Escola Galega de Administración Pública, no taboleiro de anuncios do Servizo de Información e Atención ao Cidadán da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e na páxina web da Xunta de Galicia ([www.xunta.es](http://www.xunta.es)).


Terceiro.- De acordo co disposto na base II.1.2.7 da convocatoria, os aspirantes poderán presentar as alegacións que estimen oportunas con relación ás puntuacións no prazo de 10 días a contar desde o seguinte á publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia.

Cuarto.- De conformidade co disposto na base III.13 da convocatoria, contra este acordo poderase interpoñer recurso de alzada nos termos previstos nos artigos 114 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2014

O presidente do tribunal

Manuel Mateo Díaz





**ESCALA DE ESTADÍSTICOS (CONSOLIDACIÓN)**

NUM	DNI	APELIDOS E NOME	NOTA
1	47365770F	GARCIA VARELA, JAVIER	<b>69,33</b>
2	53162876D	GUERRA FERNANDEZ, MONTSERRAT	<b>51,83</b>
3	35473745V	LEIROS ALONSO DE VELASCO, JAIME	<b>58,17</b>
4	34966251H	CLEMENTE SIOTA, MARIA NIEVES	<b>43,66</b>

